

# SESIÓN 18

- Hoxe imos facer unha sesión de xogos populares e tradicionais.
- Algúns destes xogos requiren material e o mellor non o tedes en casa, pero non pasa nada, non é necesario ter de todo e moitas cousas poden adaptarse.
- Eu vou propoñer xogos diferentes e variados: algúns con material, outros sen nada, para xogar individualmente, en parellas...
- Vos elixir os xogos que queirades, os que se adapten ao que tedes en casa, os que mais gústenvos...
- Mesmo podedes facer outro xogo popular que se vos ocorra. Seguro que mamá e papá coñecen algún que facían cando eran pequenos e podenvolo ensinar.
- Pasadeo moi ben!!!




## CARREIRA DE MAZORCAS

Colocamos unha fila de mazorcas (lapis, pezas de construcións...) separadas certa distancia. Hai que saír correndo, recoller unha e dixala nun cesto ou similar. Continuar facendo o mesmo ata recollelas todas.




## CARREIRA DE PES ATADOS

Cunha goma, corda...ata os dous pés. Agora debes facer unha carreira ou percorrer toda a casa saltando e sen caer, ten coidadiño!! Podes facer o mesmo con outra persoa e atades un pé de cada un. Coidadiño que é mais difícil e hai que coordinarse.




## MARIOLA

Pintar unha mariola no chan ou marcala con cinta adhesiva. Lanzar a pedra e saltar pola mariola sen pisar o cadrado onde está a pedra e sen pisar as raias.



## PALOMITA BRANCA, PALOMITA NEGRA




## EQUILIBRIOS CON PAU

Cun pau de escoba ou similar tentar mantelo en equilibrio (podes poñelo vertical ou horizontal) en diferentes partes do corpo: palma da mal, brazo, pescozo, barriga, fronte, xeonllo, pé...



## BIRLOS

Podes xogar cuns que teñas en casa ou facelos con diferentes obxectos.




## CIRCUÍTO DE CHAPAS

Pintamos unha estrada ou a facemos con cordas ou calquera obxecto. Facemos carreiras golpeando a chapa co dedo e sen sairse do camiño porque senón hai que volver empezar.





## A RAIÁ

Golpear a chapa co dedo desde certa distancia para deixala enriba dunha raia pintada no chan.



## CANICAS

Se tedes canicas podeades xogar con elas como queirades: golpealas co dedo, golpealas a metelas nun burato, caixa, círculo, lanzar unha para que golpea outra, lanzar unha para que golpee a outra que está dentro dun círculo tratando de sacala fóra...



## PULSO EN PARELLAS

O mellor e xogar enriba dunha mesa, para ter o cóbado ben apoiado, a outra man detrás da espalda para non utilizala.

Podedes probar a xogar deitados no chan, é mais difícil.





## TORRES OU FIGURAS CON MAZORCAS



## FIGURAS CON ESCARVADENTES

Déixovos un exemplos pero podeades inventar outros novos.



## BONECOS DE ROLLAS



A LAVARSE AS MANS!!!